



CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA
AXENCIA TRIBUTARIA

Mesa Carreira Administrativa:
Cuestións estudadas na reunión do 21/05/09

RECLASIFICACIÓN POSTOS DE ENTRADA (PASO DO TRAMO 0 AO 1)

A AEAT comprometeuse a facer, na nómina de xuño, a reclasificación ao Tramo 1 dos funcionarios que estaban no Tramo 0 cando se asinou o acordo e tiñan, nese momento, menos de dous anos de antigüidade. A reclasificación terá efectos económicos do 1/12/08 (é dicir, pagarán os atrasos) e o cómputo para antigüidade para o paso ao tramo seguinte destes funcionarios será desde 14/11/08.

CÓMPUTO PERÍODOS DE PRÁCTICAS

A AEAT manifestou a súa conformidade a computar o tempo de prácticas previo ao ingreso aos distintos corpos da AEAT (SVA, CTH, etc), sempre que se solicitase o recoñecemento de servizos previos.

CÓMPUTO ANTIGÜIDADE NO SVA, nos supostos de integración

Como non podía ser doutro xeito e como textualmente aparece no acordo, a postura da AEAT é a de computar a antigüidade ao 100% no corpo no que se accedeu por integración, valorando os servizos prestados no subgrupo inmediatamente anterior.

POSTOS CON CLAVES H.V. (Informática-Disponibilidade horaria)

Neste apartado a AEAT manifestou que, debido a cuestións organizativas, consideraron que debía suprimirse esa clave na RPT, polo que os funcionarios afectados pasarían a rexirse polos específicos xerais que figuran no Acordo de Carreira. Neste sentido, a AEAT comprometeuse a estudar con profundidade o número de funcionarios afectados e elevarán unha proposta concreta a próxima semana. Todo parece indicar que estes funcionarios manterán ou recuperarán os específicos da clave HV, co abono dos atrasos correspondentes, nos casos que procedan.

CONSOLIDACIÓN GRADO

A AEAT entregounos unha proposta para estudar na próxima reunión sobre a distinta casuística das reclasificacións e os efectos na consolidación do grado.

GARANTÍAS RETRIBUTIVAS PROMOCIÓN INTERNA

Na próxima reunión trataremos este tema para resolver as distintas situacións surrealistas que se están a dar á hora de aplicar o Acordo os funcionarios que acceden a un subgrupo superior por promoción interna.

SEGUIREMOS INFORMANDO

21/05/09

CIG AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Rúa Comandante Fontanes, 10-sot.

Télf.: 981 61 68 89/687 82 15 44

Fax: 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com